
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O CESE DA ACTIVIDADE NO VERTEDOIRO DE MIRAMONTES

O 13 de xullo de 2018, o Goberno de Compostela Aberta acordou incoar procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa de inicio de actividade de xestión e tratamento de residuos para a elaboración de tecnosoles comunicado por ÁRIDOS CNC, S.L., por considerar que o titular da explotación e quen exercita a actividade é TECNOSOLES GALAICOS, S.L.

Tras un proceso longo e complexo, con recursos contenciosos polo medio, o 8 de abril de 2019, por orde do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda, Mobilidade, e Relacións Veciñais, incóase novamente procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa de cambio de titularidade da actividade de vertedoiro comunicada por SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.L.U., dado o cambio na situación do vertedoiro pola existencia de biogás que incidía na salubridade na zona.

Por Decreto de 5 de febreiro de 2020 da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica acordouse rexeitar o recurso de reposición presentado por SERTEGO SLU contra o decreto do 3 de decembro de 2019 polo que se resolveu declarar non legalizada a actividade de tratamento e xestión de residuos desenvolta por SERTEGO S.L.U. no recinto da canteira de Miramontes-Grixa.

Este decreto foi recorrido no Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Santiago de Compostela, que vén de emitir a sentenza 00067/2022 ao respecto dándolle a razón ao Concello en todas as súas resolucións, mais estimando caducado o expediente *“sen prexuízo de que o Concello demandado incoe un novo expediente de reposición da legalidade urbanística dado que a acción de reposición da legalidade non está prescrita”*.

En resumo, a empresa debeu ter presentado diante do Concello unha comunicación previa por cambio de titularidade e non o fixo, tal e como se recollía no expediente iniciado polo Goberno de Compostela Aberta.

Ao fío desta sentenza, o pasado 12 de abril, o alcalde asegurou en rolda de prensa que *“o Concello de Santiago negocia o peche da canteira de Grixa para o verán”*. Non en tanto, a propia empresa tén recoñecido que o vertedoiro está ao 80% da súa capacidade, polo que estima que para finais de verán ou principios de outono quedarán sen espazo físico para a actividade. Ademais, tal e como recolleu

nos últimos días un medio de comunicación da cidade, a Plataforma de Afectados polo vertedoiro de Miramontes tén o temor de que a actividade poida continuar noutro vaso da canteira que está baleiro

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Cales son os termos da negociación que, segundo asegurou o alcalde, está a manter o Concello coa empresa que xestiona o vertedoiro de Miramontes e que información tén o Goberno sobre a posibilidade de que dita empresa poida continuar a súa actividade noutro vaso da canteira da Grixoa?**

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2022

Xan Duro Fernández
Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta



Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO